

A CIG mobilizarase o 30 de xaneiro por todo o país contra a reforma laboral

NÓS DIARIO :: 13/01/2022

"Esta 'non reforma' non é máis que unha actualización da normativa previa para adaptala ao marco do plan de recuperación da crise capitalista deseñado pola Unión Europea"

A CIG mobilizarase o 30 de xaneiro por todo o país contra a reforma laboral

"Esta 'non reforma' non é máis que unha actualización da normativa previa para adaptala ao marco do plan de recuperación da crise capitalista deseñado pola Unión Europea baixo a marca 'Next Generation'", di Paulo Carril. Mobilización da CIG en 2020 contra a precariedade laboral

A **CIG** convocará unha xornada de mobilizacións en todas as cidades galegas para o **domingo 30 de xaneiro**, "en rexeitamento á fraude que supón a nova reforma laboral", así como para exixir a derogación de todas as reformas impostas desde 2010.

Aliás, o día en que decorra o Pleno do Congreso no que se convalide o real decreto-lei desta nova norma, previsibelmente o **3 de febreiro**, o sindicato concentrarase fronte á Delegación do Goberno estatal na Coruña e nas subdelegacións de Lugo, Ourense e Pontevedra.

Así o anunciou a CIG nas asembleas de delegados e delegadas que se realizaron esta quinta feira en todas as comarcas do país "para avaliar as modificacións normativas e debater as accións a desenvolver" para garantir a "**derogación íntegra e real" das reformas laborais** e "avanzar na conquista de novos dereitos que fortalezan a clase traballadora nun momento de crise, explotación e crecemento da precariedade".

Para a forza sindical galega, o acordo entre os axentes sociais e o **Goberno estatal**, liderado nas negociacións pola ministra de Traballo, **Yolanda Díaz**, "non permite a restitución dos dereitos roubados nin gaña outros novos, xa que se manteñen intactos os aspectos máis lesivos da brutal lexislación aprobada polo PP en 2012 e que xa fora iniciada en 2010 polo PSOE".

"Esta 'non reforma' non é máis que unha actualización da normativa previa para adaptala ao marco do plan de recuperación da crise capitalista deseñado pola Unión Europea baixo a marca *Next Generation*", advertiu o secretario xeral da organización, **Paulo Carril**.

A ollos da CIG, a reforma laboral "**nin recupera a indemnización por despedimento nas contías previas, nin os salarios de trámite, nin a autorización administrativa dos ERE**", ao tempo que "mantén os recortes nas coberturas do FOGASA e afonda na centralización das relacións laborais, facendo prevalecer de forma moi agresiva os marcos estatais da negociación colectiva e doutros mecanismos para regular as condicións de traballo, como son os ERTE".

A maiores, incidiu o sindicato, "foméntase a precariedade a través dos novos contratos formativos, polo que a pouca mocidade galega que non teña emigrado será carne de canón da explotación laboral, co complemento perfecto deste 'cóctel molotov' que é a aprobación da Lei orgánica de Formación Profesional". A través desa "falsa formación dual para integrar a mocidade no mundo do traballo", lamentou, **"o que se busca é precarizar as condicións laborais da xente nova, que seguirá tendo baixos salarios"**.

<https://www.nosdiario.gal/articulo/traballo/cig-mobilizarase-30-xaneiro-todo-pais-reforma-laboral/20220113123808135600.html>

<https://galiza.lahaine.org/a-cig-mobilizarase-o-30>